PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2026 09:50:44
Nº Rexistro: 64881
Data envio: 13/10/2026 09:50:44.354
Data 13/10/2026 09:50

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta para resposta escrita **número 62223** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"ao criterio, a valoración e as previsións da Xunta de Galicia en relación co incremento do número de asuntos pendentes ante a Sección Civil do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes,** que ten o seguinte contido:

"O ano 2024 foi o ano que maior incremento houbo na entrada de asuntos nos Tribunais de Xustiza de Galicia; 386.299 novos asuntos xudiciais, o que supuxo un incremento dun 10,9% con respecto ao ano anterior.

O ano 2025, foi o ano que máis resolucións xudiciais puxéronse, rematando os procedementos alcanzando a cifra de 377.662 o que supuxo un aumento dun 4,3% con relación ao existente no ano 2024.

Como consecuencia, é lóxico que 2026 sexa o ano no que hai un maior volume de entrada de asuntos en execución. Esta circunstancia, unida á implantación da nova oficina xudicial, explica que o elevado número de asuntos existentes sexa conxuntural.

Tendo en conta o anterior, a valoración da evolución de pendencia no Tribunal de Instancia de Santiago é positiva.

O Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela non viu reducido o seu cadro de persoal en ningún momento. O acordo acadado con todas as organizacións sindicais da mesa sectorial, salvo a CIG, así o acredita.

No que atinxe á creación de prazas de letrados/as, indicar que non é competencia da Xunta de Galicia, posto que esta decisión corresponde exclusivamente ao Ministerio de Xustiza.

Sobre as medidas de reforzo inmediato para reducir a pendencia actual no Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela, aclarar que a organización e dirección das unidades corresponde a quen ostenta as direccións dos servizos comúns. Son os/as directores/as os que a través dos Plans de actuación, tal e como marca a normativa vixente, identifican un problema na unidade, como pode ser a pendencia, e solicitan á Dirección xeral adoitar a medida que corresponda.

Salientar a este respecto que este tribunal conta na actualidade con cinco funcionarios de reforzo, dous no servizo común de execución (área penal), dous no servizo común de tramitación (área penal) e un no servizo común xeral na área de rexistro-repartición e asuntos xerais."

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXPG-GI1iOveIN-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/10/2026 09:50:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2026 09:50:44
Nº Rexistro: 64881
Data envio: 13/10/2026 09:50:44.354

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXPG-GI1iOveIN-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2026 09:50:44
Nº Rexistro: 64881
Data envio: 13/10/2026 09:50:44.354

Asinado dixitalmente por:

Rexistro electrónico na data 13/10/2026 9:50:44

CSV: REXPG-GI1iOveIN-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/